

## Tardes de Setembro 2021

Converte o problema das tardes do mes de setembro nunha divertida aprendizaxe para os teus fill@s.

Fai que os teus fillos se acostumen pouco a pouco ao final do verán, facendo que no vindeiro mes de outubro xa teñan a rutina collida 😊. Preocupados coma sempre polas necesidades das nosas familias en canto á conciliación do voso horario ou se simplemente queredes que os vosos fillos experimenten, aprendan e se divirtan a partes iguais, animámosvos a que vos apunteades ás tardes de setembro '21.

**Tardes de setembro '21** é unha alternativa programada polo equipo de *extraescolares do colexio* e levada a cabo pola empresa *ACTIVA*, onde **tódolos días lectivos da semana, de 15h a 17h**, o alumnado de Infantil e Primaria terán a posibilidade de aprender xogando. Dita actividade levarase a cabo **dende o día 9 ao 30 de setembro**.

O alumnado de E. Primaria deberá traer un estoxo de cores, lápiz, afilalápiz, bolígrafo, goma de borrar, pegamento de barra e tesoiras. No caso de E. Infantil non será preciso.

Este ano, a natureza é a protagonista das tardes de setembro. Traballando mediante proxectos STEAM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) buscamos achegar a natureza aos nenos/as, facéndolles conscientes das pequenas accións que podemos facer para coidar dela. As actividades que levarán a cabo teñen como obxectivo desenvolver o potencial de cada neno/a, á vez que adquiren conciencia do mundo que lles rodea e os seus recursos.

O custo das tardes de setembro '21 é de **100 €**. O pago realizarase abonando o importe citado na conta do colexio: **ES73 0075 1079 7506 0209 5457**

Para a inscrición deben entregar a ficha que adxuntamos cumplimentada coa copia do resguardo da transferencia no colexio, coa data límite o 23 de xullo.

Dito servizo levarase a cabo sempre e cando haxa un grupo de nenos/as mínimo. De non poder prestarse, informarase a través dun comunicado ás familias inscritas.

### Ficha de inscripción Tardes de Setembro 2021.

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Curso ao que accede en 2021-2022: \_\_\_\_\_

Ed. Infantil  Ed. Primaria (Marcar cunha x o que proceda).

D./Dña: \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_

Dirección: \_\_\_\_\_ C.P: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Autorizo, en calidade de pai/nai/titor, ao menor arriba mencionado a realizar as actividades "Tardes de setembro '21", organizadas polo Colexio Sagrado Corazón Franciscanas da A Coruña.

Alerxias ou intolerancias: \_\_\_\_ En caso afirmativo especificar:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Outros datos de interese:

\_\_\_\_\_

Persoas autorizadas para recoller ao neno/a:

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021